

**DE PUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 28 de XUÑO DE 2002**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA** que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de xuño de 2002, ás DOCE HORAS.

### **ASUNTOS**

#### **Central-Actas**

- 1.- Aprobación das actas anteriores, nºs: 5/02 y 6/02, correspondentes á sesión ordinaria do 31 de maio e extraordinaria do 14 de xuño, respectivamente.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia da nº 7.700 á nº 9.799.
- 3.- Toma de coñecemento do nomeamento do novo membro da Comisión de Goberno.
- 4.- Proposición da presidencia: Nomeamento do Sr. José Luis Pico Espiñeira como representante en organismos e institucións.

#### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

- 5.- Aprobación convenio de cesión de uso do local no Centro da Milagrosa á Confederación Galega de Minusválidos.
- 6.- Modificación das bases para a prestación de servicios tributarios ós concellos da provincia.

#### **Cooperación e Asistencia ós Concellos**

- 7.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Enclave feiral pementos de Padrón, do concello de Padrón, incluída no POL 2001. Código 01.2300.0047.0
- 8.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Canalización de río, saneamento e drenaxe de pluviais na Avda. Rosalía de Castro pl., do concello de Ribeira, incluída nas anualidades 2001 e 2002 do POL 2000-2006. Código 01.2300.0056.0

#### **Cultura, Deportes e Xuventude**

- 9.- Concesión de prórroga á fundación Federico Maciñeira para realizar actividades incluídas no convenio suscrito coa deputación.

10.- Aprobación do Plan de financiamento plurianual das obras de construción dos locais sociais de AA.VV. Santa María de Vilvestro e da AA.VV. Nosa Señora de Belén de Santa Cristina de Fecha.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE XUÑO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de xuño de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP	
DON JUAN BLANCO ROUCO		PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP	
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP	
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE	
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP	
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP	
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE	
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP	
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP	
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE	
DON CARLOS GLEZ-GARCÉS SANTISO	PSOE	
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE	
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP	
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE	
DON JOSE LUIS PICO ESPIÑEIRA	PP	
JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE	
DON FELIX PORTO SERANTES	PSOE	
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE	
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP	
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE	

DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Escúsanse a Sra. Candocia Pita e o Sr. Pose Miñones.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, NÚMS: 5/02 E 6/02, CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO 31 DE MAIO E EXTRAORDINARIA DO 14 DE XUÑO, RESPECTIVAMENTE.**

Apróbanse as actas anteriores, núms: 5/02 e 6/02, correspondentes á sesión ordinaria do 31 de maio e extraordinaria do 14 de xuño, respectivamente.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA DA NÚM. 7.700 Á NÚM. 9.799.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia, da núm. 7.700 á núm. 9.799.

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO NOMEAMENTO DO NOVO MEMBRO DA COMISIÓN DE GOBERNO.**

A Corporación toma coñecemento do nomeamento de don Manuel Taboada Vigo como novo membro da Comisión de Goberno.

#### **4.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: NOMEAMENTO DO SR. JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA COMO REPRESENTANTE EN ORGANISMOS E INSTITUCIÓN.**

A Corporación toma coñecemento da seguinte Proposición da Presidencia.

“Nomear representante da Corporación ó deputado don José Luis Pico Espiñeira nos organismos que a seguir se relacionan:

- Comisión de Coordinación Interadministracións Públicas en materia de Drogodependencias.

- Comisión de Seguimento das Transferencias Xunta-Deputación.

- Consello Comarcal e Padroado de Goberno da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos.

- Cruz Vermella Española (Comité Provincial)”

#### **5.- APROBACIÓN CONVENIO DE CESIÓN DE USO DO LOCAL NO CENTRO DA MILAGROSA Á CONFEDERACIÓN GALEGA DE MINUSVÁLIDOS.** INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Antes de nada, indicar que a nosa compañeira Pilar Candocia xustifica a non asistencia porque lle coincide cun Pleno de aprobación do Plan xeral de ordenación urbana no Concello de Ames. Sobre este punto núm. 5, indicar que o noso voto vai ser afirmativo, xa o adiantamos así na Comisión, pero queriamos aproveitar para facer unha reflexión, en todo caso, apoiada neste novo acordo que se vai tomar hoxe aquí, e que vén dada por unha preocupación que nós sempre manifestamos respecto a un acordo, ou a un debate, que entendiamos que non estaba suficientemente explicitado, de que era o que quería facer realmente a Deputación da Coruña co centro La Milagrosa. Nós, como sabe o presidente e o resto de compañeiras e compañeiros, sempre defendemos que a decisión que se adoptou de ir liberando aquel centro da función que prestaba non era, baixo o noso punto de vista, correcto, pero en todo caso si que nos manifestabamos dispostos a dar un debate cando se fixese unha definición concreta e específica de que funcións vai cumprir ese centro, porque o que non é bo é que ó final os centros que ten a deputación, esta institución en concreto, que se vaian definindo por pasiva e non por activa.

Nós, nesa liña, queremos deixar constancia de que nos gustaría, e pedimos ademais, que de cara ó futuro se introduza na Comisión que corresponda, un debate para que precisamente non se siga con esta política de feitos consumados. Nós vemos que hai unha programación por parte da Asociación de minusválidos moi completa, e polo tanto, se efectivamente hai un local que pode estar en disposición é mellor que se utilice, pero iso non quere dicir que a deputación teña que andar con esta política de feitos consumados, e que sexa a práctica a que ó final diga para que serven os centros cando debería ser a propia institución que é dona dos centros a que diga para que ten pensado utilizalos.

Polo tanto, sirva tamén este debate, e adiantando o que xa dixeran do noso voto favorable a esta proposta en concreto, para que canto antes poidamos ter un debate para saber cal é o espazo que queda dispoñible, se é que hai xa ideas para ocupar ese espazo, ou se vai haber algún tipo de criterio para que a algunhas entidades se lles poida deixar os locais e a outras non, ou se se lles vai deixar a todas, etc., etc.. En fin, para que racionalicemos, nunha palabra, a utilización dun centro que neste momento é propiedade da Deputación da Coruña. Nada máis.

Por unanimidade, apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación Galega de Minusválidos para a cesión de uso de local no Colexio A Milagrosa, co texto que figura como anexo.

2.- Facultar ó presidente para executar o presente acordo.

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE MINUSVÁLIDOS PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAL NO COLEXIO LA MILAGROSA

A Coruña, de dous mil dous, no pazo provincial, sede da Deputación da Coruña.

## REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. don José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, don José Luis Almau Supervía e

Doutra don Domingo Dosil Cubelo, presidente da Confederación Galega de Minusválidos, con DNI 33.194.332-L.

## EXPOÑEN

1º A Confederación Galega de Minusválidos é unha asociación sen ánimo de lucro, composta e dirixida por persoas con minusvalía física creada co obxectivo principal de promocionar ás persoas con minusvalía en tódolos aspectos da vida social, laboral e cultural.

A Confederación Galega de Minusválidos figura inscrita na sección do Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior co núm. 1099, así como no Rexistro da Xunta de Galicia como Entidade de Iniciativa Social co núm. 154-CO-074-F-00.

A Confederación Galega de Minusválidos ten por obxecto (artigo 4 dos Estatutos):

- Fomentar a unión das persoas con discapacidade, facilitándolles os medios para acadar a súa dignificación e respecto.
- Intercambio, orientación e exposición de todo canto afecte á problemática das persoas con discapacidade co fin de conseguir a máxima atención social.
- Promover iniciativas de capacitación laboral para as persoas con discapacidade, axustadas a un marco laboral normalizado, mediante a celebración, concertada ou non, con outras entidades, de cursos de capacitación laboral.
- Participar, promocionar e crear iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos demais traballadores, conforme á lexislación vixente.
- A Confederación ten como fins a promoción, participación e posta en marcha de todas aquelas actividades de carácter cultural que faciliten, directa ou indirectamente, a inserción social das persoas con discapacidade, así como todo tipo de iniciativas deportivas.
- O fomento para a unidade das persoas con minusvalía mediante o asesoramento na constitución de asociacións, federacións, etc..., así como reunir no seu seo a tódalas organizacións que persigan os seus mesmos fins.
- O establecemento de servizos propios de asesoramento, de asistencia social, xurídica e legislativa, así como os que sexan necesarios para o bo desenvolvemento da Confederación,



2º A Confederación Galega de Minusválidos ten previsto realizar as seguintes actuacións:

- Cursos de formación para a mellora da capacitación laboral de persoas con discapacidade. Prioritariamente, irán dirixidos a aquelas persoas que por accesibilidade, capacidade de aprendizaxe, axudas técnicas ou outras condicións relacionadas coa súa problemática teñen limitado o seu acceso ou dificultades de aproveitamento dos cursos de formación normalizados existentes.
- Impartiranse diferentes especialidades do Plan de inserción profesional (Plan FIP) da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, así como outros cursos similares dirixidos á mellora da inserción laboral de persoas con discapacidade (tanto para desempregados como para ocupados).
- Estes cursos serán complementados por unha oficina do Servicio de Orientación Laboral (centro colaborador do Servicio Galego de Colocación), na que se traballará tanto na motivación da persoa con discapacidade, como na súa formación para a busca de emprego, así como na captación de ofertas de traballo a través de contactos periódicos con aquelas empresas susceptibles de empregar a persoas con discapacidade demandantes de emprego.
- Así mesmo, contéplase a posta en marcha de talleres prelaborais para posibilitar o acceso ó emprego daquelas persoas con maiores dificultades de inserción, así como servicios complementarios de rehabilitación, respiro familiar, voluntariado..., que contribúan á inserción social e laboral do dito colectivo.

3º A deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso de locais do colexio La Milagrosa.

Polo exposto, acordan formalizar o presente convenio segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A Deputación Provincial da Coruña autoriza a cesión de uso do local cunha superficie de 475 m2 que se detalla no plano que se acompaña como anexo, no colexio La Milagrosa para situar unha oficina do Servicio de Orientación Laboral con carácter gratuíto e en precario.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DO CESIONARIO

Os espazos autorizados utilizaranse pola Confederación Galega de minusválidos exclusivamente para os fins indicados. Para estes efectos, comunicárase coa suficiente antelación á Sección de Servicios Socias da deputación o programa de desenvolvemento dos cursos e demais actividades que se realicen.

En tódolos actos que celebre a Confederación Galega de Minusválidos ou que se realicen no inmovible autorizado, farase constar a colaboración de ámbalas dúas institucións.

A Confederación Galega de Minusválidos comprométese a manter axeitadamente os espacios que utilice, non realizando obras sen a autorización da deputación.

En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aquel outros que deriven do uso dos locais correrán por conta da Confederación Galega de Minusválidos, que deberán instalar os correspondentes contadores individuais.

A Confederación Galega de Minusválidos, dentro do prazo máximo de 6 meses a partir da entrega do inmovible, deberá iniciar as actividades para as que autoriza a cesión.

A Confederación Galega de Minusválidos deberá dotarse dos medios persoais e materiais adecuados para cumprir cos fins da cesión.

O Servicio de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros servizos técnicos da deputación (Servizos Sociais, Arquitectura, Enxeñería e Mantemento) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

#### TERCEIRA.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

O prazo de cesión de uso dos bens será de 4 anos como máximo, que comezará a contar, desde a entrega do inmovible por parte da deputación. Non obstante, a deputación en calquera momento e en función das súas necesidades poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun preaviso de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Confederación Galega de Minusválidos a indemnización ningunha, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación.

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata que transcorra o prazo de cesión a que se refire a presente cláusula, ou ben ata que a deputación deixe sen efecto a autorización de uso.

#### CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdicción dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE  
DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O PRESIDENTE  
DA CONFEDERACIÓN GALEGA DE  
MINUSVÁLIDOS

Asdo.- José Luis Torres Colomer

Asdo.- Domingo Dosil Cubelo

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN

Asdo.- José Luis Almau Supervía

## **6.- MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS TRIBUTARIOS ÓS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

### **INTERVENCIONS**

Sr. Rodríguez Doval

Imos manter unha posición de abstención, que ten que ver máis co trasfondo, coas propias bases, que no seu momento desde o noso grupo manifestamos a non coincidencia coa elaboración destas, e incluso co que era a filosofía de fondo, e en calquera caso o que hoxe se propón aquí é unha modificación de carácter técnico, pero por coherencia co posicionamento que mantivemos desde o primeiro momento, imos manter esa posición de abstención. Moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (15 -PP e 11 -PSOE)

Votan en contra: Ningún.

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

Modificar o apartado 2º da base terceira das bases para prestar servizos tributarios ós concellos da provincia, quedando redactada nos seguintes termos:

“2. Contido opcional.-

Os concellos que delegaran o contido mínimo poderán, ademais, delegar na deputación as seguintes outras competencias:

A facultade, de acordo co disposto no artigo 78 da Lei reguladora das Facendas locais, para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmobles.

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento dos terreos de natureza urbana.

Recadación voluntaria e executiva de taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón. O dito padrón anual poderá fraccionarse en dúas cotas semestrais, sempre que o concello titular da taxa ou prezo público recolla esta circunstancia na correspondente ordenanza fiscal municipal. En calquera caso, a determinación dos períodos de cobramento será competencia da Deputación provincial.

Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, incluíndo a previa colaboración cos concellos para identificar os propietarios dos vehículos cos que se cometeron as infraccións.

Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ó ano.

Durante o período de vixencia da delegación, os concellos que o desexen poderán ampliar o contido dela, dentro do marco establecido nesta base. Para isto, deberá seguirse o mesmo procedemento de tramitación utilizado inicialmente. Esta ampliación surtirá efectos desde a data da súa aceptación pola deputación ata a finalización da vixencia da delegación inicial.”

## **7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: ENCLAVE FEIRAL PEMENTOS DE PADRÓN, DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NO POL 2001. CÓDIGO 01.2300.0047.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

Visto o proxecto reformado da obra da que a contratación lle corresponde a esta Deputación provincial e que máis abaixo se indica incluída na anualidade 2001 do POL 2000-2006 aprobado o día 9 de marzo de 2001, no que se inclúen modificacións nas súas unidades de obra cualitativamente substanciais, aínda que sen variación total no seu orzamento.

Aprobar o proxecto reformado para executar da obra que a seguir se indica, que non supón variación no financiamento da obra nin do POL no seu conxunto.

<u>CÓDIGO</u>	<u>Concello</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>orzamento€</u>	<u>orzamento ptas.</u>
01.2300.0047.0	Padrón	Enclave feiral pementos de Padrón	624.589,81	103.923.000

**8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA:  
CANALIZACIÓN DE RÍO, SANEAMENTO E DRENAXE DE PLUVIAIS NA  
AVDA. ROSALÍA DE CASTRO PR., DO CONCELLO DE RIBEIRA, INCLUÍDA  
NAS ANUALIDADES 2001 E 2002 DO POL 2000-2006. CÓDIGO 01.2300.0056.0**

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a abstención neste punto do grupo provincial do BNG, como facemos cando hai proxectos reformados con incremento de orzamento, aínda que neste caso, a obra referida ó Concello de Ribeira, parécenos incluso moito máis sustentada, ou se se quere utilizar o termo, unha abstención máis activa, no sentido de que o proxecto reformado que se nos presenta, ó final dá a impresión de que pouco ten que ver co proxecto inicial, de feito vai un incremento do orzamento do 40% do orzamento inicial, e polo informe de Vías e Obras dá a impresión de que o proxecto elaborado polos técnicos municipais de Ribeira ó final fixeron un proxecto-ficción, non axeitado ó que era a realidade da obra que se vai realizar, e neste momento atopámonos con este problema de que ten que engadirse toda unha serie de obras complementarias que significan, nin máis nin menos, que o 40% do orzamento inicial.

Polo tanto, manter a posición de abstención, deixando constancia de que efectivamente se ten que ser moito máis rigoroso cando se fan os proxectos para evitar este tipo de situacións.

Sr. Fernández Moreda

Nós imos manter tamén o voto que tivemos na Comisión Informativa, de abstención. Pensamos que apareceron causas sobrevindas na realización desta obra que fan aconsellable unha modificación orzamentaria da natureza que se nos presenta hoxe aquí, e entendemos que o custo de paralizar as obras é moito maior que o custo de continualas, por iso se houbo risco de que esta obra non puidese ser continuada o noso voto sería favorable, porque non queremos demorar algo que hai que facer, e que por causas sobrevindas imputables a quen sexa, pasou o que pasou. O noso voto de abstención é porque non pon en perigo a continuidade da obra, pero é un voto de abstención porque queremos chamar a atención sobre estas cousas para que se sexa máis rigoroso na confección dos proxectos, e para que no futuro evitemos ter que traer reformados como o que se nos presenta hoxe para esta aprobación.

Polo tanto, se houbo algún perigo de poñer en risco a propia continuidade desta obra, o noso voto sería afirmativo, pero como penso que o voto nalgúns momentos debe ser

exemplarizante, o noso voto é de abstención, cunha chamada de atención para que se corrixan estas conductas no futuro.

### 15. Varela Rey

Da información que solicito por parte dos técnicos, o que si pon de manifesto é que é unha circunstancia extraordinaria, que hai unha serie de filtracións polo subsolo non previstas, e que a obra hai que executala conxuntamente, é dicir, que a proposta técnica é que non se pode facer por partes, e que tampouco se podía aprazar. Polo tanto, parece imprescindible que o acordo que se vai adoptar, ou polo menos que vai ser votado, é imprescindible que se leve globalmente. Polo tanto, nós solicitamos o apoio, e en todo caso o que non podemos é deixar a obra mal feita, ou facer un anaño, porque iso sería un remendo, sería un puro remendo, e que incluso de facerse mal, si que podería correr un risco de esborrallamento a beirarrúa, co cal eu penso que o gasto que se podería producir sería maior que o pretendido nestes momentos. Moitas gracias.

(Sae o Sr. Domínguez García)

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: Ningún.

Abstéñense: 15 deputados (11 -PSOE, 3 -BNG, e 1 -PP por ausentarse na deliberación e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento Orgánico.)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1º.- Aprobar a inclusión na orde do día por motivos de urxencia do asunto: Aprobación de proxecto reformado da obra: Canalización de río, saneamento e drenaxe de pluviais na Avda. Rosalía de Castro, pr, do Concello de Ribeira, incluída nas anualidades 2001 e 2002 do POL 2000-2006. Código 01.2300.0056.0

2º.- Aprobar por un importe total de 792.365,80 €o proxecto reformado da obra Canalización de río, saneamento e drenaxe de pluviais na Avda. Rosalía de Castro, pr, do Concello de Ribeira (código 01.2300.0056.0) incluída como plurianual no POL 2000-2006, anualidades 2001 e 2002, que foron aprobadas polo Pleno da Corporación nas sesións celebradas o 9 de marzo de 2001 e 22 de febreiro de 2002, respectivamente.

3º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 224.421,34 € sobre contrata e 183.980,62 € sobre adxudicación. Esta modificación de financiamento impútase na súa totalidade á anualidade de 2002. O incremento finánciao integramente a deputación (código 02.2300.0056.1)

Con isto os datos de financiamento totais da obra 01.2300.0056.0 quedan como segue:

	<b>Financiamento Inicial</b>	<b>Financiamento Reformado</b>	<b>Diferencia</b>
Deputación	96.322,45	320.743,79	224.421,34
Deputación-concellos	28.397,22	28.397,22	---
MAP	17.267,17	17.267,17	---
FEDER-MAP	51.801,49	51.801,49	---
FEDER-LOCAL	374.156,13	374.156,13	---
<b>TOTAL</b>	<b>567.944,46</b>	<b>792.365,8</b>	<b>224.421,34</b>

4º.- Dispor a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente para informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

6º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerando emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

7º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.

## **9.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA Á FUNDACIÓN FEDERICO MACIÑEIRA PARA REALIZAR ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO CONVENIO SUBSCRITO COA DEPUTACIÓN.**

### INTERVENCIONS



Sra. Santiago López

Simplemente para anunciar o voto do noso grupo no punto 9 e no 10, que serán votos de abstención.

(Entra no salón o Sr. Domínguez García)

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (15 -PP e 11 -PSOE)

Votan en contra: Ningún.

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1º.- Aprobar a concesión dunha prórroga de prazo de vixencia do convenio que finalizaba inicialmente o 27 de xullo de 2002, ata o día 30 de novembro de 2002.

2º.- Manter o prazo para a presentación da documentación xustificativa ata o día 30 de novembro de 2002.

## **10.- APROBACIÓN DO PLAN DE FINANCIAMENTO PLURIANUAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DOS LOCAIS SOCIAIS DE AA.VV. SANTA MARÍA DE VILLESTRO E DA AA.VV. NOSA SEÑORA DE BELÉN DE SANTA CRISTINA DE FECHA.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: Ningún

Abstéñense: 14 deputados (11 -PSOE e 3 -BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1.- Aprobar o Plan de financiamento do proxecto de “Edificio para AA.VV. Vilvestro, de Santiago de Compostela” e, como consecuencia, autorizar a elevación das porcentaxes de financiamento dispostos no art. 155.3 da Lei 39/1998, para os gastos de carácter plurianual, consonte co seguinte:

Ano 2002: 13,07% - 50.000 €

Ano 2003: 86,93% - 332.462,67 €

2.- Aprobar o Plan de financiamento do proxecto de “Edificio para a AA.VV. Nosa Sra. de Belén, de Santa Cristina de Fecha, de Santiago de Compostela e, como consecuencia, autorizar a elevación das porcentaxes de financiamento establecidas no art. 155.3 da Lei 39/1998, para os gastos de carácter plurianual, de acordo co seguinte:

Ano 2002: 16,76% - 50.000 €

Ano 2003: 83,24% - 248.313,88 €

## **ACTUACIÓN DE CONTROL**

### **MOCIÓNS**

#### Sr. presidente

Hai unha moción do BNG, que entendo que se chegou a un consenso, a unha moción consensuada polos tres grupos. Se lles parece ben, doulle a palabra ó Sr. secretario para que dea lectura á moción consensuada.

De seguir, o Sr. secretario le a moción, logo da cal se producen as seguintes intervencións:

#### Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para agradecer ós outros dous grupos este clima de consenso que permita que a fin de contas se fixera o que se trataba de conseguir, primeiro: que nós entendemos que estamos diante dun problema de crucial importancia para o noso país, e especialmente nunha provincia como a nosa, que teoricamente está chamada, por desgracia, a ser a receptora, no caso de que se consume, desta nefasta política.

E en segundo lugar, que aínda que non é un tema que vaíamos resolver desde a Deputación da Coruña, non é menos certo que representamos unha cidadanía que non está impasible diante destes temas, e polo tanto a nosa cidadanía tamén está esperando algo noso.

E en terceiro lugar, que é que está unha comisión creada para estes efectos do Parlamento Galego, que ten capacidade, e que poderá dicir moito, e que nos parece que é a que ten, dalgunha forma, que transmitir ese pensamento conxunto do noso país, dos diversos sectores que xa faláron, e procurar que Galicia poida ter peso para evitar que se cheguen a consumir estas medidas por parte da Unión Europea.

Nese sentido, quero volver a reiterar o noso agradecemento de que se chegue a esta posición, que é un agradecemento do conxunto, penso eu, do sector, que é un dos sectores económicos punteiros do noso país. Nada máis.

#### Sr. Fernández Moreda

Brevemente, para explicar a satisfacción do grupo socialista por esta moción que de común acordo os tres grupos aprobamos no día de hoxe. Eu penso que é algo importante, como dicía o Sr. Doval, é puramente testemuñal, pero ten un valor importante, ten o valor do apoio moral ás persoas que van ter que defender, no foro que sexa, os intereses de Galicia, neste caso concreto os intereses do sector pesqueiro, que afecta gravemente a decisión adoptada á economía galega, e que afecta gravemente a un sector importante da poboación. E é bo que as persoas, que en nome de Galicia, ou en nome da nación española, teñan que defender os intereses pesqueiros galegos, que saiban que contan co apoio e o respaldo de toda a cidadanía.

Polo tanto, aínda que a deputación non vai estar en ningún foro, é bo que as persoas que estean nese foro polo menos se sintan apoiadas moralmente pola Deputación provincial, desde o punto de vista de que, dunha forma ou doutra, representamos tamén ós cidadáns da provincia da Coruña.

Nese sentido, expresar a satisfacción polo esforzo que fixemos de consensuar, porque ás veces cando se presentan mocións onde se di o que hai que facer, eu penso que o mellor é dicir: “hai un problema, todos somos partícipes deste problema, vemos a necesidade de amañalo, e imos traballar conxuntamente”; e logo xa, dese traballo conxunto, se derivarán as accións concretas. E neste caso eu agradézolle ó Bloque que renunciara a accións puntuais que propoñía, que ó mellor van ser aprobadas pola mesa do Parlamento, pero que renunciara a iso para buscar o que nos une a todos: a preocupación polo problema do sector pesqueiro, a preocupación por este sector, e da busca dese punto de unión do consenso

xorde esta moción, que non ten máis apoio que expresar o testemuño da Deputación provincial ante un problema que afecta gravemente ós intereses deste país. Nada máis e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Manifestar tamén o agradecemento do grupo popular ós demais grupos por chegar a un consenso ademais rápido, o que demostra a sensibilidade que pode haber en tódolos deputados provinciais polo sector pesqueiro, Galicia ten unha vocación de sempre cara o mar, temos moitos quilómetros de costa, é unha poboación que de sempre ten a súa problemática vencellada ó mar, e que as decisións que se están tomando dentro da propia Comunidade Europea nos van afectando directamente, por iso eu penso que é moi importante que mostremos esa unión, esa harmonía, dentro da Deputación provincial, dentro desta provincia.

Eu apoio a que, dentro do Parlamento Galego, os técnicos elaboren esa misión que deba ser base e que deba ser clave para a defensa dos intereses da política pesqueira na nosa comunidade, e neste caso na nosa provincia.

Sr. Presidente

Tamén manifestar, en nome de todos, a satisfacción de que esteamos todos unidos nun tema tan importante como é a defensa do sector pesqueiro, por esa proposta da Comisión de pesca europea, igualmente que a nivel estado están unidos o goberno central, comunidades autónomas, confrarías, sindicatos, empresas transformadoras, etc., eu penso que debemos estar todos unidos en defender o sector pesqueiro, un sector tan importante para Galicia.

Procédese á votación da urxencia, que é aprobada por unanimidade.

De seguir, e por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

### **MOCIÓN**

1.- Manifestar o rexeitamento da Deputación da Coruña á reforma da “Política Común Pesqueira” formulada pola Comisión Europea.

2.- Manifestar o apoio ás conclusións que elabore a Comisión delegada no Parlamento Galego creada para tal efecto, demandando a presenza galega nos foros de decisión.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

### Sr. Presidente

Hai unha serie de preguntas que están contestadas por escrito, pero se hai algún rogo ou algunha pregunta máis...

### Sr. Rodríguez Doval

Si, unha pregunta que se o presidente ten interese en contestala por escrito, porque teña máis datos, pois non hai ningún problema, pero vou sintetizar. Hai bastantes meses, non un ano, pero case, case, suscitei un debate na Comisión de Facenda respecto dunha noticia que saíra nos medios de comunicación comarcais da zona de Ferrolterra, da posible realocalización, ou cambio da oficina de recadación, que está situada na cidade de Ferrol, e que afecta, como ben se sabe, ó conxunto dos concellos desa zona de recadación. Entón parece que se trataba dunha hipótese de traballo aínda non concretada, pero a día de hoxe, leo nos medios de comunicación, en concreto nalgún de onte mesmo, que parece que xa hai unha decisión adoptada por parte en concreto desta casa, da Deputación da Coruña, de trasladar a oficina de recadación da cidade de Ferrol á localidade de Narón, en nome dunha serie de cuestións as cales eu non quero entrar a valorar, a non ser que se dese o debate e entón debatemos, que eu non teño problema ningún.

En calquera caso, son dúas preguntas moi concretas. Primeiro: se hai unha decisión firme por parte dalgún órgano da deputación de traslado da oficina de recadación, e en segundo lugar: ¿baixo que criterios se produce ese cambio?. E unha pregunta concreta tamén de se a deputación é consciente dos prexuízos que se ocasiona á maioría dos cidadáns e cidadás dos concellos afectados por esta zona de recadación. Nada máis.

### Sr. presidente

Como ben di vostede, hai unha proposta firme de cambio desa oficina que estaba en Ferrol. O Concello de Narón ofrécenos unhas dependencias, eu penso que dignas, para levar esa recadación alí, e polo tanto poderemos dispoñer do local que temos en Ferrol. Dicirlle que o motivo é que o Concello de Ferrol non optou por que a deputación lle leve a recadación executiva, si o de Narón, e pensamos que a distancia é mínima para poder atender ós demais concellos limítrofes. Neste caso non ten sentido que estea no Concello de Ferrol, cando o Concello de Ferrol non quere facer uso desa recadación que lle ofreceu a deputación. Temos unha oferta, eu penso, importante do Concello de Narón, non hai prexuízo para os outros concellos que están ligados á deputación nese fin, e polo tanto imos optar por esa opción de ter a oficina no Concello de Narón.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e trinta minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.